








Relacións institucionais

	<p>REVISIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA (PFG)</p> <p>O pasado mes de decembro, a administración forestal presentou ao sector o borrador da revisión do PFG. Unha vez analizado o documento, FEARMAGA considera que non resposta ás reivindicacións fundamentais do sector e, especialmente, no tocante a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Necesidade de análise da dispoñibilidade de madeira como materia prima. - Simplificación dos trámites administrativos. - Incremento da produción de madeira de calidade. - Determinación do modelo de industria que queremos. <p>O PFG é o instrumento básico para o deseño e a execución da política forestal galega, avalía a situación do monte e establece as directrices e programas de actuación. Transcorrido un cuarto de século da súa aprobación (1992), actualmente, atópase en proceso de revisión.</p>
	<p>PERMISOS DE CORTA: NOVO RÉXIME ADMINISTRATIVO</p> <p>A <i>Lei 5/2017 de fomento de implantación de iniciativas empresariais</i> atende a unha demanda histórica de FEARMAGA e establece unha serie de medidas para simplificar e axilizar os permisos de corta de madeira que <u>entrarán en vigor o 25/04/2018</u>. As principais novidades son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A declaración responsable (trámite instantáneo) substitúe a autorización para a corta de especies que non estean no anexo I e en espazos non suxeitos a algún réxime de protección. - “Ventanilla única” para autorizacións de competencia autonómica. - Aprobación de pregos de condicións sectoriais que permitirán a substitución da autorización pola declaración responsable en espazos suxeitos a algún réxime de protección. <p>Ademais, acaba de iniciarse o procedemento para revisión do Decreto 50/2014 que regula os aproveitamentos e a administración está a traballar no deseño dun visor cartográfico que permita coñecer cáles son as afeccións dunha parcela.</p> <p>Co obxectivo de que o novo réxime ofrezca tódalas garantías as nosas empresas, FEARMAGA está a traballar coa administración tanto no desenvolvemento da lei, como das ferramentas informáticas a empregar polas empresas.</p>
<p>ORDENANZAS MUNICIPAIS</p>	<p>CONCELLO DE POBRA DE BROLLÓN</p> <p>En defensa dos intereses dos seus asociados, FEARMAGA presentou alegacións á aprobación inicial da ordenanza reguladora da saca e transporte de madeira.</p> <p>A ordenanza foi aprobada definitivamente sen ter en conta as alegacións presentadas (como é preceptivo). Por este motivo, presentouse un escrito poñendo de manifesto a tramitación irregular e solicitando a resolución das alegacións.</p>

Lembra!

	<p>RESFOR: COMUNICACIÓN ANUAL ATA O 31/03/2018</p> <p>Necesaria para acceder ás axudas FEADER</p>
	<p>CURSOS HOMOLOGADOS – Solicita a túa praza</p> <p>Consulta o programa de cursos homologados para o ano 2018 de FEARMAGA e inscríbete: Listado de cursos e folla de inscrición</p> <p>Válidos para incrementar os puntos nas axudas FEADER</p>
	<p>O EQUIPO DE FEARMAGA ESTÁ AO TEU SERVIZO</p> <p>Trasládanos a túa consulta, problemática ou suxerencia:</p> <p> 981568390  informacion@maderasdegalicia.com</p>

Última hora

	<p>INCIDENCIAS NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA</p> <p>Aínda non se resolveron tódolos erros en Sede.</p> <p>Para comunicar unha incidencia: tlf. 012, 012@xunta.gal ou Asistente en liña</p>
---	--